

## **MOCIÓN DE A.E.R. SOBRE AUGAS DE GALIZA**

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

Vista a moción do grupo municipal AER que a continuación se transcribe:

“Di a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia: A política de augas require tamén das infraestruturas imprescindibles para levala a cabo. A política de Augas de Galicia oriéntase fundamentalmente a dar satisfacción á cidadanía nas súas necesidades de auga potable de calidade, o que implica asemade a depuración e o saneamento das residuais que resulten do consumo urbano. A consecuencia é a necesidade de dispoñer de sistemas eficaces de abastecemento (o cal inclúe adución, potabilización e distribución) e de depuración e saneamento de augas residuais (o cal inclúe redes de sumidoiros, colectores, depuradoras e conducións de vertedura). Todo iso explica un esforzo continuado, e que deberá proseguir, de construción e mantemento de infraestruturas, para o que se requiren os recursos financeiros e económicos suficientes. Diso deriva a necesidade de dispoñer dun marco xurídico que regule un sistema tributario mediante o cal os beneficiarios dos servizos de abastecemento e de depuración cooperen á súa construción e ao seu mantemento.

Lembremos tamén a lexislación que xustifica a creación da institución Augas de Galicia: “Así, de acordo coas devanditas finalidades, as grandes liñas de actuación de Augas de Galicia diríxense nos seguintes sentidos:

- a) Utilización sustentable e racional da auga e contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.
- b) Compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e protección do ambiente e a restauración da natureza.
- d) Participación das persoas usuarias, transparencia e información ao público en xeral.
- e) Eficacia na prestación dos servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración.
- f) Recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo asequible.
- g) Coordinación e cooperación entre as administracións públicas con competencias en materia de augas e obras hidráulicas.
- h) Garantía da calidade da subministración da auga urbana en defensa da saúde dos cidadáns e das cidadás.
- i) Solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias na prestación dos servizos da auga.

Recentemente sae publicado na prensa que Mos recibirá 1,2 millóns para saneamento concedidos por Augas de Galicia. Parécenos ben pero... ¿Cal é a situación de Redondela?

Aportación de Redondela mediante canon (fixo + variable): aprox. 500.000€ (medio millón de euros) anuais.

Se lle engadimos o custe da auga, estamos a falar de máis de 2 millóns e medio de euros. O 80% desta cantidade suporía 2 millóns de euros. ¿Lembran vostedes canto se adicará no 2013 a saneamento e recuperación de ríos? Seguro que a concelleira Ana Alonso o coñece ben e nin por asomo se achega a esta cifra.

Logo debemos plantexarnos que se fai cos cartos que os redondeláns pagamos por un servizo “PÚBLICO E DE PRIMEIRA NECESIDADE”. Parece, polos datos mencionados, que as aportacións NETAS son para engordar as arcas de Aqualia e soste esa institución de Augas de Galicia que nos cobra pero non aporta nada.

Aqualia, no seu borrador de proposta de subidas da tarifa ós usuarios, ademais da fórmula paramétrica, inclúe toda unha serie de inversións e gastos que xunto coa supresión da subvención do Concello supón un incremento de máis do 30% na tarifa. ¿Non pagamos esas inversións mediante o canon?.

Para a mellora da zona próxima á EDAR de Redondela, caracterizada por un fedor permanente seguro que teñen pensado unha “derrama” de tódolos redondeláns, porque cando se trata de gastar nunca se fala de “reversión” senón de gasto. ¿Non aportamos xa bastante para cubrir eses gastos?. Se hai que mellorar, ampliar, reparar, etc., os medios que temos de subministración e depuración de augas, así como do mantemento dos ecosistemas acuáticos, recorreremos a partidas orzamentarias que pagamos todos, pero que en realidade son “UN REPAGO”. Pagamos dúas veces, como mínimo, por un servizo.

¿Cal é a aportación de Augas de Galicia a Redondela?

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes

#### **ACORDOS:**

**1º Solicitar de Augas de Galiza un informe cos datos de recadación procedente do canon abonado polos cidadáns e empresarios de Redondela.**

**2º Solicitar de Augas de Galiza que faga unha aportación equivalente, como mínimo, dun 80% dos ingresos procedentes de Redondela para inversión en infraestruturas de saneamento, coidado das nosas ribeiras, recuperación de espazos públicos, preservación e mellora dos nosos ecosistemas acuáticos (lembrando que nos atopamos nun espacio natural especialmente protexido), mellora do sistema de depuración, etc “**

#### **VOTACIÓN E ACORDO.-**

**Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) aprobou a moción nos antecedentes transcrita.**